



**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA.**

**DEPARTAMENTO DE MÚSICA**

**2021-2022**

**IES. DE RIBADEO**

**DIONISIO GAMALLO**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación de Música 2ºESO</b>	
<b>1º Avaliación</b>	Cálculo da nota da 1º avaliación: A primeira avaliación será recuperada mediante a elaboración dun traballo e a realización dunha proba práctica. Cada unha das dúas partes contará o 50% da cualificación desta primeira avaliación.
	<p>Procedemento de recuperación da 1º avaliación:</p> <p><b>Traballo:</b> análise dun concerto. Elaboración dun estudo analítico dun concerto, onde se recolla información do contexto, do grupo ou artista, dos instrumentos utilizados, do estilo musical e da interacción e actividade do público. Extensión aproximada 4 caras de folio con fonte tamaño 12.</p> <p><b>Proba práctica:</b> proba de lectura musical entoada con partitura (darase un tempo previo de 10 minutos para a súa visualización)</p>
<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	MUB1.1.1., MUB1.1.2., MUB1.2.1., MUB1.4.2., MUB1.4.3, MUB1.4.4., MUB1.6.4, MUB2.1.1., MUB2.4.3., MUB2.5.1, MUB3.1.2., MUB3.2.1., MUB3.4.1, MUB3.4.2., MUB3.5.1., MUB3.5.2.
<b>2º Avaliación</b>	Cálculo da nota da 2º avaliación: A segunda avaliación será recuperada mediante a elaboración dun traballo e a realización dunha proba práctica. Cada unha das dúas partes contará o 50% da cualificación desta segunda avaliación
	<p>Procedemento de recuperación da 2º avaliación:</p> <p><b>Traballo:</b> o ruído na sociedade. Analizar un espazo onde o alumnado estea bastante tempo semanal e identificar todos os ruidos que se perciben durante unha xornada. Propoñer melloras para evitar ou reducir os ruidos analizados, sempre que sexa posíbel. Facer un estudo sobre a incidencia do ruído na sociedade actual. Investigar sobre a corrente musical denominada Ruidismo Extensión aproximada de 5 caras de folio con fonte tamaño 12.</p> <p><b>Proba práctica:</b> proba de lectura rítmica de diversos patróns da música tradicional, improvisación sobre os mesmos con baquetas e ditado rítmico.</p>
<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	MUB1.1.2., MUB1.1.3., MUB1.2.1., MUB1.3.1., MUB 1.4.1., MUB1.5.1., MUB2.5.2., MUB3.1.2., MUB3.3.1., MUB3.3.2, MUB3.3.4., MUB3.5.1.
<b>3º Avaliación</b>	Cálculo da nota da 3º avaliación: A terceira avaliación será recuperada mediante a elaboración dun traballo e a realización dunha proba práctica. Cada unha das dúas partes contará o 50% da cualificación desta terceira avaliación
	<p>Procedemento de recuperación da 3º avaliación:</p> <p><b>Traballo:</b> elaboración dunha creación sonora coa aplicación Audacity. O formato é libre e debe incluír unha gravación de voz, efectos de son e música de uso libre. A duración aproximada debe ser 5 minutos.</p> <p><b>Proba práctica:</b> programación coa aplicación Scratch da placa controladora Makey makey, conseguindo que emita 8 notas musicais.</p>

<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	MUB4.1.1., MUB4.1.2., MUB4.2.1.
<b>Cualificación final</b>	Cálculo para obter a cualificación final de curso: A cualificación final obterase mediante o cálculo da nota media obtida entre as tres avaliacións seguindo a seguinte fórmula matemática: Nota final = $\frac{1^{\text{a}}AV + 2^{\text{a}}AV + 3^{\text{a}}AV}{3}$

<b>2. Criterios sobre a avaliación e cualificación de Música 3ºESO</b>	
<b>1º Avaliación</b>	Cálculo da nota da 1º avaliación: A primeira avaliación será recuperada mediante a elaboración dun traballo e a realización dunha proba teórico-práctica. Cada unha das dúas partes contará o 50% da cualificación desta primeira avaliación.
	<p>Procedemento de recuperación da 1º avaliación:</p> <p><b>Traballo:</b> elaboración dun traballo de análise dun instrumento musical escollido libremente. Como mínimo deberá incluír os seguintes apartados: descrición, orixe, evolución, funcionamento, situación actual, formacións musicais ou estilos que o empregan, vídeos/audios de mostra e clasificación segundo os sistema de Sachs e Hornbostel.</p> <p><b>Proba práctica:</b> proba teórico-práctica sobre coñecementos musicais. Formación de escalas, intervalos, acordes e tipoloxías dos mesmos. Interpretación musical dunha peza dada.</p>
<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	MUB1.1.1., MUB1.4.2., MUB1.4.4., MUB1.6.1., MUB1.6.2., MUB1.6.4., MUB2.1.3., MUB3.1.1., MUB3.1.2., MUB3.1.3., MUB3.2.1., MUB3.3.1., MUB3.4.1., MUB3.4.2., MUB3.5.1, MUB3.5.2.
<b>2º Avaliación</b>	Cálculo da nota da 2º avaliación: A segunda avaliación será recuperada mediante a elaboración dun traballo e a realización dunha proba teórico-práctica. Cada unha das dúas partes contará o 50% da cualificación desta segunda avaliación.
	<p>Procedemento de recuperación da 2º avaliación:</p> <p><b>Traballo:</b> elaboración dun traballo de investigación sobre un período da historia da música que debe recoller polo menos os seguintes puntos: anos do período, feitos históricos, características xerais da música do período, lugares onde ten maior relevancia a música, contexto social, subperíodos, características musicais dos subperíodos, compositores/as destacados/as, obras representativas e relevantes con partitura, audicións representativas con explicación, a situación da muller na música do período, grupos actuais que interpretan música do período.</p> <p><b>Proba teórico-práctica:</b> situación nas coordenadas espazo temporais de seis audicións, elaborando un comentario sobre cada unha delas.</p>
<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	MUB1.2.1., MUB1.3.1., MUB2.2.1., MUB2.4.1., MUB2.4.2., MUB2.5.1., MUB2.5.2., MUB2.5.3., MUB3.1.1., MUB3.1.2., MUB3.1.3., MUB3.2.1., MUB3.3.1., MUB3.4.1., MUB3.4.2., MUB3.5.1, MUB3.5.2.

<b>3º Avaliación</b>	Cálculo da nota da 3º avaliación: A terceira avaliación será recuperada mediante a elaboración dun traballo e a realización dunha proba práctica. Cada unha das dúas partes contará o 50% da cualificación desta terceira avaliación.
	Procedemento de recuperación da 3º avaliación: <b>Traballo:</b> elaboración dunha partitura escollida na biblioteca de IMSLP co editor Noteflight. <b>Proba práctica:</b> Kahoot con preguntas sobre as TIC na música.
<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	MUB4.1.1., MUB4.1.2., MUB4.2.1.
<b>Cualificación final</b>	Cálculo para obter a cualificación final de curso: A cualificación final obterase mediante o cálculo da nota media obtida entre as tres avaliacións seguindo a seguinte fórmula matemática: Nota final = $\frac{1^{\text{a}}AV+2^{\text{a}}AV+3^{\text{a}}AV}{3}$

### 3. Criterios sobre a avaliación e cualificación de Música 4ºESO

<b>1º Avaliación</b>	Cálculo da nota da 1º avaliación: A primeira avaliación será recuperada mediante a elaboración dun traballo e a realización dunha proba teórico-práctica. Cada unha das dúas partes contará o 50% da cualificación desta primeira avaliación.
	Procedemento de recuperación da 1º avaliación: <b>Traballo:</b> elaboración dun traballo de análise estilo musical popular/urbano onde se recollan polo menos os seguintes puntos: orixes, características, subestilos, artistas máis destacados/as, vídeos/audios de mostra, bibliografía. <b>Proba práctica:</b> interpretación das partes dunha partitura dada previamente con instrumenta de PAD Orff.
<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	MUB1.1.1., MUB1.1.2., MUB1.2.1., MUB1.3.1., MUB1.4.1., MUB2.1.1., MUB2.2.1., MUB2.3.1., MUB2.4.1., MUB2.4.2., MUB2.4.3., MUB2.5.1., MUB2.6.1., MUB3.2.1., MUB3.2.2., MUB3.3.1., MUB4.1.2., MUB4.4.1., MUB4.5.2., MUB4.5.3.
<b>2º Avaliación</b>	Cálculo da nota da 2º avaliación: A segunda avaliación será recuperada mediante a elaboración de dúas probas prácticas. Cada unha das dúas partes contará o 50% da cualificación desta segunda avaliación.
	Procedemento de recuperación da 2º avaliación: <b>Proba 1:</b> conexión, configuración e control dunha mesa de mesturas de DJ, tendo que manter a música sen pausa, durante polo menos 3 cancións. <b>Proba 2:</b> proba de lectura musical rítmica de patróns da música tradicional.
<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	MUB1.1.1., MUB1.1.2., MUB1.2.1., MUB1.3.1., MUB2.6.1., MUB3.1.1., MUB3.4.2., MUB4.1.1., MUB4.1.2., MUB4.5.1.

<b>3º Avaluación</b>	Cálculo da nota da 3º avaluación: A terceira avaluación será recuperada mediante a elaboración dun traballo e a realización dunha proba práctica. Cada unha das dúas partes contará o 50% da cualificación desta terceira avaluación.
	<p>Procedemento de recuperación da 3º avaluación:</p> <p><b>Traballo:</b> sonorización dunha curtametraxe en directo e programación con Scratch para a execución dos sons.</p> <p><b>Proba práctica:</b> Kahoot con preguntas sobre as TIC na música, funcións da música e a música no audiovisual.</p>
<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	MUB1.3.2., MUB1.4.1., MUB2.5.1., MUB2.6.1., MUB3.3.1., MUB3.4.2., MUB4.1.2., MUB4.2.1., MUB4.3.1., MUB4.3.2., MUB4.5.1.
<b>Cualificación final</b>	Cálculo para obter a cualificación final de curso: A cualificación final obtense mediante o cálculo da nota media obtida entre as tres avaluacións seguindo a seguinte fórmula matemática: Nota final = $\frac{1^{\text{a}}AV+2^{\text{a}}AV+3^{\text{a}}AV}{3}$

<b>4. Criterios sobre a avaluación e cualificación de Linguaxe e Práctica Musical 1ºBAC</b>	
<b>Proba extraordinaria para BAC</b>	Consistente en: Realización dun arranxo dunha canción coñecida previamente para un mínimo de catro instrumentos musicais de PAD e voz, interpretación e gravación da mesma. A partitura será realizada nun editor de partituras dixital.
<b>Estándares de aprendizaxe avaliados</b>	LPMB1.1.1., LPMB1.1.2., LPMB1.1.3., LPMB1.2.1., LPMB1.3.1., LPMB1.3.2., LPMB1.3.3., LPMB2.1.1., LPMB2.2.1., LPMB2.2.3., LPMB2.2.4., LPMB3.1.1., LPMB3.2.1., LPMB3.2.2., LPMB3.2.3., LPMB4.1.1., LPMB4.2.1., LPMB4.3.1., LPMB4.3.3., LPMB4.3.4., LPMB4.4.1., LPMB5.1.1., LPMB5.2.2.

<b>2.1 Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaluación e a avaluación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación)</b>	
<b>Metodoloxía</b>	A meirande parte das actividades serán prácticas, se ben, as explicacións do profesor serán necesarias naqueles momentos que o alumnado amose dúbidas, especialmente se teñen que recuperar algunha das avaluacións. Elaborarase ademais unha avaluación da práctica docente por parte do alumnado.
<b>Actividades tipo</b>	Levaranse a cabo actividades de repaso co obxectivo de reforzar os coñecementos do alumnado que teña que recuperar algunha das avaluacións e programaranse actividades de ampliación para aquel alumnado que teña todas as avaluacións superadas. A interpretación

	musical cobrará unha especial importancia no período.
<b>Materiais e recursos</b>	Instrumental Orff, baquetas, partituras, ordenadores, mesa de DJ, altosfalantes e placas controladoras Makey Makey.
<b>2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)</b>	
<b>Metodoloxía</b>	A metodoloxía será eminentemente práctica
<b>Actividades tipo</b>	Elaboración dun pequeno proxecto audiovisual do tipo videoclip, onde se grave a música e a imaxe e se realice unha montaxe coa mestura de ambas.
<b>Materiais e recursos</b>	Cámara, tarxeta de son, micrófonos, instrumental Orff e ordenador.